

Informe para o Consello da Xunta de Galicia

Bruxelas, 25 de outubro de 2022

Defensa dos intereses de Galicia perante a UE

-Setembro e outubro de 2022-

Velaquí un resumo dos últimos dous meses das actividades da nosa oficina de representación en Bruxelas, a Fundación Galicia Europa (FGE), que traballa en coordinación con diferentes departamentos da Xunta de Galicia para a defensa dos intereses galegos perante a UE.

Trátase de actividades dirixidas a garantir a contribución da Xunta de Galicia aos debates europeos, mediante a achega da nosa experiencia e do noso coñecemento sobre o terreo. A nosa participación nestes debates é fundamental, xa que, dadas as competencias que asumimos como goberno autonómico, somos os responsables de aplicar gran parte da lexislación europea.

Con este obxectivo, traballamos por sacar o máximo proveito das vías con que contamos para participar no complexo proceso de toma de decisións a nivel comunitario. Refírome, no ámbito institucional, á nosa participación no Consello, nos comités da Comisión Europea e no Comité Europeo das Rexións; e, no ámbito informal, ao estrito labor de *lobby* desenvolvido pola nosa oficina de representación en Bruxelas.

A misión da Fundación Galicia Europa é, pois, prestar apoio ao sector público autonómico para poñer en marcha estratexias coas que defender os intereses galegos no ámbito europeo, axudalo a traballar en rede con outras rexións europeas e, en xeral, transmitir as experiencias e inquietudes de Galicia nos foros comunitarios. Todo isto, respectando os principios de unidade da acción exterior do Estado, tal e como se recolle na nosa lei autonómica de Acción Exterior aprobada en 2021.

Nestes dous últimos meses do ano 2022 traballamos con case todas as consellerías en moi diversos temas:

1. A execución dos fondos estruturais 14-20, a programación do período 21-27 e o debate que se abre cara o futuro da política de cohesión
2. A execución da actual Rede Transeuropea de Transporte e a súa revisión para 2024.
3. A prohibición da pesca de fondo en zonas de Noroeste Atlántico
4. A avaliación en curso da Política Pesqueira Común
5. A xestión das poboacións de lobos
6. Como acadar a neutralidade climática da agricultura en 2035
7. A transición xusta nas zonas identificadas como tal en Galicia polo peche das centrais térmicas en As Pontes e Meirama
8. A transición cara unha industria do automóbil climaticamente neutra

9. A adaptación ao cambio climático da UE, ao ser Galicia elixida como rexión membro da Misión da UE dedicada a este fin
10. Participación de Galicia na próxima Conferencia da ONU sobre cambio climático (COP 27), que se celebrará en Exipto
11. O plan europeo para reducir a dependencia dos combustibles fósiles: REPowerEU
12. Reconstrución de Ucraína: procura de municipios galegos interesados en colaborar con municipios ucraínos
13. Modificación do Plan Nacional de Recuperación e Resiliencia

Por outro lado, participamos activamente na **Semana Europea das Rexión e das Cidades**, organizando dous seminarios e explicando a nosa experiencia neles xunto a outras rexións europeas sobre dous temas: a transición ecolóxica a nivel local e a transición dixital do noso tecido produtivo.

Máis información sobre a participación de Galicia nos asuntos europeos en fundaciongaliciaeuropa.eu e nos [boletíns mensuais de información](#) da FGE (último boletín: [outubro de 2022](#)).

Informe para o Consello da Xunta de Galicia

Participación de Galicia nos asuntos europeos - Setembro e outubro de 2022 -			
TEMA	Consellería	DESCRICIÓN DENDE UNHA PERSPECTIVA GALEGA	ACTIVIDADES
<p>1. Política de cohesión: execución 14-20, programación 21-27 e debate sobre o futuro</p>	<p>Facenda</p>	<p>A execución dos fondos 14-20 tense flexibilizado para atender as consecuencias da pandemia, nun primeiro momento, e para a acollida de refuxiados ucráinos, despois. A Comisión acaba de propoñer que tamén se utilicen estes recursos para facer fronte ao aumento dos prezos da enerxía, o que podería interesar á Xunta de Galicia para apoiar ás empresas e aos fogares vulnerables. A flexibilización xa introducida permite, por primeira vez, un cofinanciamento do 100% das actuacións, o que está a facilitar a execución de todos os programas, entre eles, o P.O FEDER Galicia e o P.O FSE Galicia.</p> <p>Malia o inicial retraso motivado pola posta en marcha do Mecanismo de Recuperación e Resilencia (MRR) en España, a programación 21-27 acelerouse moito durante este ano, de forma que o Contrato de Asociación España-Comisión Europea está a piques de aprobarse formalmente. Tras isto, todos os programas operativos están xa na súa fase final de aprobación agás o Fondo de Transición Xusta, que vai máis atrasado por ser un fondo novo e por diverxencias coa Comisión Europea. Nesta programación, o risco de solapamento coas actuacións financiadas co MRR ten sido é un dos temas máis debatidos.</p> <p>Por outro lado, o <i>lobby</i> rexional en Bruxelas (CPRM, Comité das Rexións...) xa empeza a mobilizarse de cara ao debate do marco</p>	<p>06/10 - Organización dunha reunión das oficinas de CCAA en Bruxelas co conselleiro de Facenda na Representación Permanente de España ante UE (REPER), Alejandro Blanco. A FGE lidera o grupo técnico de Cohesión do sistema de Colaboración entre oficinas rexionais españolas en Bruxelas (CORE), o que nos permite ter unha interlocución privilexiada coa Dirección xeral de Política Rexional (DX REGIO).</p> <p>12/10 - Ditame sobre o 8º Informe de Cohesión aprobado polo CdR que denuncia un certo grado de centralización na programación 21-27.</p> <p>26/10 – Organización dun encontro virtual Xunta - Comisión Europea sobre a programación de fondos estruturais 21-27.</p> <p>28/10 – Resolución adoptada pola Asemblea Xeral da CRPM reunida en Creta: avoga por unha simplificación e racionalización dos diferentes fondos europeos para o futuro.</p>

		<p>financeiro plurianual posterior a 2027. Defende a necesidade de que a política rexional siga sendo unha peza clave dese orzamento. A FGE segue de cerca este debate para definir unha posición de Galicia e contribuír activamente a el, dado que esta política ten investido máis de 22.000 millóns de euros na nosa comunidade e no futuro podería verse en certo modo ameazada pola competencia doutro fondo cun deseño e xestión moito máis centralizados (o MRR). En decembro a FGE organizará unha reunión das oficinas de CCAA coa REPER para tratar o futuro da política rexional de cara a Presidencia española da UE.</p>	
<p>2. Rede Transeuropea de Transporte (RTE-T)</p>	<p>Infraestruturas e Mobilidade</p>	<p>A proposta de revisión desta rede, actualmente a debate entre o Parlamento e o Consello, recolle como novidade para Galicia a inclusión no Corredor Atlántico do tren de alta velocidade entre Oporto e Galicia. A Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas (CRPM) está a defender as necesidades de conectividade das rexións periféricas como a nosa. Entre as emendas que vai tratar de introducir a través do Parlamento Europeo, hai tres propostas feitas por Galicia.</p> <p>As prioridades para Galicia en canto á execución da RTE-T son:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Na rede principal (a concluír como máximo en 2030): o impulso do Saída Sur de Vigo e a conexión ferroviaria do porto de Bouzas para conectar Galicia con Porto e Lisboa por alta velocidade, e o acceso ferroviario de Punta Langosteira. • Na rede principal ampliada (a concluír como máximo en 2040): o tramo portugués da conexión ferroviaria de alta velocidade co Porto 	<p>28/09 – Participación no Foro do Corredor Atlántico xunto co director xeral de Mobilidade e o subdirector de Infraestruturas.</p> <p>04/10- Participación no grupo de Transporte da CRPM.</p>

		<ul style="list-style-type: none"> • Na rede global (a concluír como máximo en 2050): o reforzo de Monforte de Lemos, así como a modernización das liñas do Miño, A Coruña-Ferrol e A Coruña-Lugo. <p>O Foro do Corredor Atlántico, no que Galicia participa dende 2021, dá a oportunidade á Xunta de coñecer de primeira man os plans da AGE respecto á execución deste Corredor.</p>	
<p>3. Prohibición da pesca de fondo en zonas do Noroeste Atlántico</p>	<p>Mar</p>	<p>O pasado 15 de setembro publicábase o Regulamento de execución 2022/1614, que ten como obxectivo pechar o acceso a artes pesqueiras de fondo en zonas consideradas vulnerables co fin de protexer o ecosistema marítimo. O Regulamento, que entrou en vigor o 9 de outubro, prohibe a pesca de fondo en 87 zonas consideradas como vulnerables. Isto pode chegar a afectar a máis de 200 barcos de capital galego e a preto de 4 400 tripulantes (arredor do 40% do total na comunidade).</p> <p>Esta prohibición tamén afecta a Francia, Irlanda e Portugal, polo que se considerou necesario aliarse con outras rexións afectadas. Así, a Consellería do Mar está a liderar, no marco da Conferencia de Rexións Marítimas e Periféricas (CRPM), un grupo de traballo para estudar posibles vías de actuación.</p> <p>A FGE pon a disposición da Consellería do Mar a súa experiencia e coñecementos do medio europeo para afrontar esta crise na relación entre a UE e Galicia.</p>	<p>21/09 – Organización dunha reunión do vicepresidente Segundo co embaixador REPER sobre temas prioritarios para Galicia na axenda europea, que permitiu abordar a problemática das vedas en augas profundas.</p> <p>23/09 – Participación na reunión preparatoria do Consello de Ministros de Agricultura e Pesca, do 26 de setembro, das CCAA coa REPER.</p> <p>26/09 - Seguimento do Consello de Ministros de Agricultura e Pesca e información posterior.</p> <p>06/10 – Participación na reunión do grupo de traballo de Pesca da CRPM xunto coa conselleira do MAR.</p> <p>10/10 - Seguimento da Comisión de Pesca no Parlamento Europeo.</p>

<p>4. Posible revisión da Política Pesqueira Común (PPC)</p>	<p>Mar</p>	<p>A finais de ano, a Comisión Europea publicará unha avaliación da PPC en vigor.</p> <p>A Xunta ten unha posición ben definida e consensuada coa sector de cara a unha eventual reforma da PPC en 2023 centrada en cinco grandes obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • unha maior atención á dimensión social e ao relevo xeracional en particular, un comercio pesqueiro xusto que asegure unas condicións equitativas para todos os axentes, • unha pesca compatible coa conservación da biodiversidade, • unha pesca que contribúa á mitigación do cambio climático resaltando o valor estratéxico da proteína mariña, • unha co-gobernanza global como base para a sostibilidade da actividade. 	<p>06/10 - Reunión do grupo de traballo de Pesca da CRPM.</p>
<p>5. Xestión das poboacións de lobos</p>	<p>Medio Ambiente, Medio Rural</p>	<p>En 2021 España incluíu a todas as poboacións de lobos na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (LESPRE), prohibíndose a caza do lobo a ambos os dous lados do río Douro. O Goberno de España considera que a evolución da poboación do lobo é desfavorable no período 2013-2018, como así se reflicte nos últimos informes sobre o estado da natureza da Comisión Europea, que avalía o estado de conservación de cada especie segundo a directiva Hábitats na UE e conforme aos datos subministrados por España.</p>	<p>12/09 – Apoio á conselleira de Medio ambiente, xunto cos seus homólogos de Asturias, Cantabria e Castela e León, na reunión co comisario de Medio Ambiente, Océanos y Pesca.</p> <p>12/09 – Representación da conselleira na reunión mantida coa federación europea de agricultores (COPA-COGECA).</p>

		<p>A inclusión no LESPRES implica a imposibilidade de calquera medida de control fronte á especie debido ao seu novo nivel de xestión. As catro comunidades autónomas recorreron esta orde xudicialmente, ao entender que o modelo de xestión previo que xa se estaban levando a cabo mantiña o equilibrio entre os lobos e a gandaría extensiva. Os informes técnicos autonómicos sinalan que a poboación de lobos incrementouse ao norte do Douro. A pesar do alegado, en xullo de 2022, aprobouse a "Estratexia para a conservación e xestión do lobo e a súa convivencia coas actividades do medio rural" co voto en contra de Galicia e outras CCAA.</p>	<p>23/09 – Participación na reunión preparatoria do Consello de Ministros de Agricultura e Pesca, entre as oficinas rexionais en Bruxelas e a REPER.</p> <p>26/09 – Seguimento do Consello de Ministros de Agricultura e Pesca e información posterior. Austria e outros países europeos propuxeron a revisión da directiva hábitat en relación con especies como o oso ou o lobo, cunha poboación crecente en toda Europa que ameaza á actividade rural e agrícola.</p>
<p>6. Cara unha agricultura baixa en carbono</p>	<p>Medio Rural</p>	<p>A UE está a revisar actualmente a lexislación vixente en materia de uso do solo, cambio de uso do solo e silvicultura (LULUCF polas súas siglas en inglés) co obxectivo de que estes sectores acaden a neutralidade climática en 2035. Así, a UE está a reforzar os incentivos para aumentar o número de sumidoiros naturais de carbono nas terras agrícolas e para reducir as emisións destas actividades, incluídas as emisións agrícolas distintas do CO₂, como as derivadas do uso de fertilizantes e do gando.</p> <p>Neste debate, Galicia considera que a capacidade de fixación de CO₂ da agricultura é limitada, ademais de difícil de avaliar, polo que considera máis eficaz centrar os esforzos na redución de emisións. En concreto, aposta por incrementar a eficiencia</p>	<p>06/10 Participación na reunión da comisión NAT do CdR na que se debateu sobre as estratexias rexionais de adaptación para acadar unha agricultura baixa en carbono</p> <p>En curso: estamos en contacto con Medio Rural para organizar unha reunión coa Comisión Europea sobre o sistema de certificación da eliminación de carbono na agricultura</p>

		<p>enerxética da agricultura, aumentar o uso de enerxías limpas e aplicar técnicas agronómicas de redución de emisións.</p> <p>Outro dos puntos controvertidos deste debate é o modo de certificación da eliminación de carbono na agricultura. O obxectivo do regulamento que se está debater é crear sistemas estandarizados, transparentes e sostibles de absorción de CO2 por parte de agricultores, silvicultores e industrias, ademais de establecer normas que supervisen e verifiquen a autenticidade desta eliminación.</p>	
<p>7. Transición Xusta</p>	<p>IGAPE, VP 1ª, Medio Ambiente, Facenda</p>	<p>Para garantir que todas as rexións poidan acadar unha economía climaticamente neutra, a UE estableceu un Mecanismo de Transición Xusta (MTX), dirixido ás rexións dependentes do carbón e intensivas en carbono, que contan con industria como as do aceiro, aluminio ou produción de papel. O MTX intentará mobilizar durante o período 21-27 preto de 55 000 millóns de euros en investimentos públicos e privados a través dos seus tres pilares: un réxime de Transición Xusta no marco de <i>InvestEU</i> (o programa de investimentos da UE), un instrumento de préstamos ó sector público e un Fondo de Transición Xusta (FTX), do que Galicia é beneficiaria.</p> <p>O FTX conta cun orzamento de 19 200 millóns de euros, dos cales 879 corresponden a España e 111 serán asignados a A Coruña por ter sido identificada como zona de Transición Xusta debido ós peches das centrais de As Pontes e Meirama. En A Coruña , ademais, existirá unha flexibilización da aplicación do réxime de</p>	<p>19-20/09 – Apoio á Vicepresidencia primeira na organización da visita a Galicia que a Comisión de Industria, Investigación e Enerxía (ITRE) do Parlamento Europeo.</p> <p>24-26/10 – Participación e informe posterior sobre os diferentes eventos organizados pola Plataforma de Transición Xusta, seguindo de preto a asistencia técnica que ofrece para a posta en marcha de proxectos relacionados coa transición verde.</p>

		<p>axudas estatais a través das <i>Directrices sobre axudas estatais de finalidade rexional</i> (DAR), de forma que, se concorren determinadas condicións, poderanse considerar compatibles co mercado interior as axudas rexionais a grandes empresas que impliquen unha diversificación na produción ou un cambio fundamental no proceso xeral de produción.</p>	
<p>8. Sector do automóbil</p>	<p>VP 1ª, IGAPE</p>	<p>O Comité Europeo das Rexións (CdR) vén de lanzar a Alianza de Rexións con Industrias da Automoción (ARA, polas súas siglas en inglés), da que Galicia é unha das rexións fundadoras grazas ó traballo da FGE. Polo de agora, a Alianza está formada por máis de 20 rexións de sete Estados membros: Alemaña, Austria, Eslovaquia, España, Francia, Italia e Países Baixos. Nesta rede política de rexións, Galicia desempeñará un papel de relevancia en prol dunha transición xusta para as rexións automobilísticas.</p> <p>O programa de traballo da Alianza será formalmente adoptado na súa primeira reunión política, que terá lugar en Leipzig (Alemaña) o próximo 17 de novembro. Galicia estará representado neste evento por Fernando Guldrís, director do IGAPE, quen recibirá o apoio dun técnico da FGE.</p> <p>Paralelamente, a FGE tamén trata todas aquelas cuestións de relevancia para o sector da automoción no Grupo Interrexional sobre o futuro do automóbil do Comité Europeo das Rexións (CoRAI), do que Galicia forma parte dende a súa creación en 2009. Trátase dunha rede formada por rexións con intereses específicos no sector automobilístico que promove a</p>	<p>14/09 – Participación na reunión do Grupo de traballo da Alianza de Rexións con Industrias da Automoción.</p> <p>20/10 – Participación na reunión do Grupo de Traballo do Grupo Interrexional sobre o futuro do automóbil.</p> <p>Ó longo de setembro e outubro, a FGE traballou na redacción e emenda do programa de traballo de ARA, contando coa validación do IGAPE.</p>

		cooperación coa industria e outras partes interesadas e actúa de enlace coas institucións europeas	
9. Misión de adaptación ó cambio climático	Medio Ambiente	<p>As Misións da UE enmárcanse en Horizonte Europa, o programa marco de Investigación e Innovación para o período 21-27. Trátase dunha novidade de Horizonte Europa, non contemplada nos períodos anteriores, mediante a que a UE desexa facer fronte a grandes retos en materia de saúde, clima e medio ambiente.</p> <p>Existen cinco Misións, entre as que destaca a centrada na adaptación ó cambio climático, da que Galicia forma parte dende o pasado setembro. Esta Misión está formada por máis de 200 rexións e cidades, que traballarán xuntas para aumentar a súa resiliencia ó impactos do cambio climático.</p>	<p>29/09- Participación no evento “Misión de Adaptación ó Cambio Climático: factores de éxito e anuncio do segundo grupo de signatarios da Misión”, celebrado no marco do Días Europeos da Investigación e da Innovación.</p> <p>A FGE fixo un seguimento detallado coa Comisión Europea da candidatura de Galicia dende a súa presentación en maio ata a súa selección en setembro.</p>
10. Conferencia da ONU sobre o cambio climático (COP 27)	Medio Ambiente	<p>A 27ª Conferencia das Partes dobre o Cambio Climático (COP 27) levarase a cabo do 6 ó 18 de novembro en Sharm el Sheij (Exipto), onde todas as partes interesadas (países, rexións, sociedade civil...) se reunirán para tomar medidas que impulsen os obxectivos climáticos colectivos establecidos no marco do Acordo de París e da Convención.</p> <p>A COP 27 contará coa presenza da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, á quen a FGE axudará a elaborar a súa axenda.</p>	<p>17/10 Participación no Pleno do Comité Europeo das Rexións no que se celebrou un debate sobre este tema.</p> <p>20/10 – Participación na reunión da delegación española do Comité Europeo das Rexións para tratar os traballos do CdR durante a COP 27.</p>

<p>11. REPowerEU</p>	<p>VP 1ª/ INEGA</p>	<p>En maio de 2022, a Comisión Europea lanzou REPowerEU, un plan de acción mediante o que se eliminará gradualmente a dependencia das importacións de gas, petróleo e carbón rusos, ó tempo que se garante a seguridade de subministro e uns prezos da enerxía asumibles durante o inverno. Entre as medidas xa adoptadas, destacan dous regulamentos: por un lado, o que obriga aos Estados membros a encher as súas instalacións de gas e a compartilas, a diversificar as fontes de subministro e a reducir a demanda de gas nun 15%. Por outro lado, o que establece un obxectivo obrigatorio de redución da demanda de electricidade dun 5% en hora punta, así como determinadas medidas para redistribuír os ingresos extra das empresas enerxéticas entre os consumidores finais.</p> <p>A consecución das ambicións recollidas en REPowerEU pasa necesariamente por un aumento da produción ecolóxica, o que implica oportunidades para o biometano e o hidróxeno. Isto pode beneficiar ós proxectos tractors identificados na "Estratexia para a Transformación de Galicia", especialmente a planta de xeración de hidróxeno verde en As Pontes e o Centro para o estímulo da economía circular. Tamén se analizarán as estruturas necesarias para conseguir os obxectivos de REPowerEU, o que pode resultar unha oportunidade de financiamento de estruturas de conexión específicas para exportar gas natural licuado a Portugal e á meseta dende a regasificadora de Mugardos.</p>	<p>28/09 – Organización dun encontro virtual Xunta - Comisión Europea: "REPowerEU: un pulo verde á independencia enerxética da UE"</p>
-----------------------------	---------------------	--	---

<p>13. Reconstrucción de Ucrania</p>		<p>Galicia sumouse á Alianza Europea de Rexións e Cidades pola reconstrución de Ucraína, posta en marcha en xuño polo Comité Europeo das Rexións. O BEI cifra en un billón de euros as necesidades de reconstrución de Ucraína, un proceso que a UE está a liderar no marco dunha plataforma internacional constituída en xullo.</p> <p>Por outro lado, o ex presidente do Comité Económico e Social e antigo colaborador da FGE, Henri Maloosé, contactou coa FGE para buscar municipios en Galicia interesados en colaborar con municipios de tamaño pequeno e medio en Ucraína. Estas asociacións, de momento informais, entre municipios ucraínos e galegos poderían ser beneficiosas nun futuro para as empresas galegas, pois se espera unha mobilización importante de fondos europeos cara este país.</p>	<p>16/09 Mesa do CdR en Praga</p> <p>22/09 Reunión da FGE cos responsables do programa europeo <i>Bridges of Trust</i> de cooperación Ucraína</p> <p>28/09 Reunión da comisión CIVEX do CdR</p> <p>12/10 Reunión da FGE con Henri Maloosé</p> <p>18/10 O VP1 manda unha carta ao presidente da FEGAMP para implicar aos municipios galegos</p> <p>25/10 A FGE comeza unha campaña en redes sociais para chegar aos municipios potencialmente interesados</p>
<p>14. Modificación do Plan Nacional de Recuperación, Transformación e Resiliencia</p>	<p>Vicepresidencia Primeira</p>	<p>España está a modificar o seu Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para incluír:</p> <ul style="list-style-type: none"> • As reformas e investimentos que se van a financiar con cargo aos préstamos do mecanismo Next Generation EU que corresponden a España (uns 70.000 M€), aínda que o prazo para solicitar os préstamos podería ampliarse até o 31/08/2023 • A asignación definitiva de transferencias a España, coñecida o pasado 30 de xuño e derivada da actualización dos datos de crecemento rexistrado nos últimos dous anos. Desta 	<p>21/10 Primer evento anula sobre o Plan de Recuperación e Resiliencia (evento híbrido retransmitido dende Madrid)</p> <p>19/10 Reunión co conselleiro de Economía da REPER</p>

		<p>forma, a España corresponderanlle 7.706 millóns máis dos inicialmente previstos (77.234 M€ en total)</p> <ul style="list-style-type: none"> • As transferencias adicionais do paquete REPowerEU. A España corresponderanlle 2.600 M€ máis procedentes dun aumento da dotación financeira do MRR en 20 000 millóns de euros. Estes novos recursos deben financiar investimentos e reformas co obxectivo de diversificar a subministración enerxética e reducir a dependencia dos combustibles fósiles, de acordo co plan REPowerEU. • Incluír os elementos a mellorar sinalados na recomendación específica dada a España en xuño no marco do Semestre Europeo. En concreto: aumentar as taxas de reciclaxe para alcanzar os obxectivos da UE, promover a economía circular mediante unha maior coordinación entre todos os niveis da Administración e fomentar a reutilización da auga. 	
<p>12. Semana Europea das Rexións e Cidades</p>	<p>Medio Ambiente/ GAIN</p>	<p>A Semana Europea das Rexións e das Cidades (EWRC, polas súas siglas en inglés) é o maior evento anual dedicado á política rexional. A FGE promove a participación galega nesta semana dende os seus inicios en 2002 organizando seminarios, facilitando a presenza de relatores galegos e animando a participación galega mediante as campañas que leva cabo en redes.</p> <p>A vixésima edición da EWRC tivo lugar entre os días 11 a 13 de outubro. O programa oficial contou con máis de 300 eventos</p>	<p>12/10 – Organización do obradoiro virtual “Rexións que abordan o desenvolvemento urbano sostible mediante proxectos da política de cohesión”. Intervención da directora do Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia, María Luz Macho.</p> <p>12/10 – Acollida do seminario híbrido “Como a <i>Vanguard Initiative</i> está a impulsar a</p>

		(presenciais e en liña), dos cales dous contaron coa participación da FGE.	transición dixital na UE poñendo en contacto os ecosistemas rexionais de innovación”. Intervención da directora de GAIN, Patricia Argerey.
--	--	--	--

OUTRAS REUNIÓN EN BRUXELAS

Data	Organizadores	Reunións	Comentarios
06/09	CdR	Reunión do Grupo de Contacto entre Reino Unido e o CdR	Presentouse o estudo “Novas relacións comerciais e económicas entre a UE e o Reino Unido: o impacto nas rexións e as cidades”, que trata o impacto a nivel subnacional da nova relación entre a Unión Europea e o Estado británico. O informe sitúa a Galicia nunha exposición medio-alta aos efectos do Brexit pero tamén dá conta de servizos postos en marcha pola Xunta para axudar ás empresas neste novo paradigma.
15/09	CORE	Reunión co Embaixador Representante Permanente Adxunto de España ante a UE	O embaixador informounos dos preparativos da Presidencia española da UE , especialmente dos dosieres lexislativos que se espera lle toquen a España arbitrar nas dez formacións temáticas que compoñen o Consello da UE, como a posible proposta de reforma do mercado da enerxía se chega a facerse.
16/09	Oficina da FGE	Reunión de varias asociacións nacionais de Amigos do Camiño na FGE	A FGE cedeu unha sala de reunión ás asociacións belga, francesa, holandesa e alemá da Amigos do Camiño pois están a traballar na constitución dunha Federación Europea de Amigos do Camiño
21/09	CRPM	Seminario “Estratexia marítimas e estratexias macro-rexionais”	Galicia apoia politicamente a creación dunha macro-rexión atlántica a partir da estratexia marítima xa existente. Neste seminario debateuse sobre as interaccións entre ambos tipos de estratexias.
26/09	Network Promote to	Obradoiro con motivo do Día Internacional das Linguas sobre as posibilidades de financiamento	A SX de Política Lingüística forma parte desta rede que chama a atención das institucións europeas sobre a existencia e necesidade de promoción das linguas rexionais e minoritarias

	<i>Lingüistic Diversity</i> (NPLD)	comunitario para as linguas rexionais ou minoritarias	
28-29/01	Comisión Europea	Research and Innovation Days	Evento anual dedicado a I+D+i dedicado este ano á nova Axenda Europea de Innovación, ao Ano Europeo da Xuventude e ás cinco grandes Misións que a UE está a poñer en marcha
07/10	Comisión do Arco Atlántico da CRPM	Grupo de Traballo sobre a Estratexia Atlántica	Galicia pon de exemplo a iniciativa de cooperación interrexional no Noroeste peninsular (RESOE) para a creación da macro-rexión atlántica
14/10	CORE	Reunión cos conselleiros da REPER sobre o Consello de Competitividade de 29 de setembro	Explicáronnos o debate mantido sobre a resiliencia do mercado único ante a guerra en Ucraína, o Instrumento de Emerxencia do Mercado Único que está a negociarse, o regulamento de Ecodeseño e a proposta alemá de traballar nunha lei europea sobre materias primas críticas, cuxa proposta por parte da Comisión se espera para o ano que vén.
18/10	CORE	Reunión organizada pola oficina do CDTI en Bruxelas sobre o marcadores europeo e rexional de innovación	España segue a estar calificada como un país innovador “moderado” e Galicia como rexión moderada -
24-27 /10	Comisión Europea	Conferencia da Plataforma de Transición Xusta	Este foro que se celebra dúas veces ao ano ten por obxectivo axudar a utilizar o apoio proporcionado polo Mecanismo de Transición Xusta, especialmente o Fondo para a Transición Xusta, que investirá na provincia da Coruña 111 millóns de euros. Trátase, por exemplo, sobre o rol da cidadanía e os investidores ou sobre as oportunidades que ofrecen as enerxías limpas nesta transición verde.
26/10	Oficina en Bruxelas da Conferencia de Rectores universitarios (CRUE)	Reunión cunha visita de representantes das oficinas de proxectos europeos das universidades españolas	Asiste a vicerrectora de Investigación da Universidade de Vigo